



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E NOVE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Extpe. 2021/G007/000029

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e cincuenta minutos do día vinte e nove de xullo de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, Don Sergio Saavedra Gutiérrez. Non asisten excusando a súa asistencia dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 15.07.21 E 22.07.21.-

As meritadas actas resultaron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e unanimidade dos presentes que asistiran ás ditas sesións.

2º.- APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2021/45.- PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA :

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2021/45 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 12 facturas ascende á cantidade de NOVENTA MIL CENTO OITENTA E SETE EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (90.187,77 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe de reparo suspensivo emitido pola intervención municipal en data 27/07/2021 en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2021/45 así como **AUTORIZAR** o correspondente pagamento por importe bruto de 90.187,77 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)

Analizadas pola **Xunta de Goberno Local** as facturas, así coma o informe de intervención, toma coñecemento e mediante votación ordinaria e por unanimidade dos membros que asistiron á sesión, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Recoñecer as obrigas polos gastos derivados das facturas da relación e ordenar o pago das mesmas.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento dos servizos económicos para o seu coñecemento e trámite.

3º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE LAGOA, LANZOS E CORVAL-

Exppte.- 2021/C003/000001

A Xunta de Goberno Local de data 27.05.21, aprobou expediente de contratación e comezo de adxudicación da obra: “Reforzo de rodadura nos camiños de Lagoa, Lanzós e Corval; incluída no Plan de Mellora de Camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022 (MR701E), - AGADER 2021.

Proxecto redatado por José Manuel Saavedra Pantín, arquitecto técnico colexiado 978 COAATAC. Importe total proxecto: 52.705,13 euros (IVE incluído); IVE: 9.147,17 €; prezo sen IVE: 43.557,96€.

Realizada a publicación da Licitación na Plataforma de Contratos do Estado onde se aloxa o perfil do contratante en data 02.06.21 e presentadas as ofertas, en sesión de 28.06.21 a Mesa de Contratación abriu e examinou a documentación do sobre “A”, resultando que das empresas presentadas requeriuse a unha delas (Mantido, S.L) a presentación de documentación. Na sesión da Mesa de Contratación de 08 de xullo examinouse a documentación administrativa requirida e aportada, resultando finalmente que todas as empresas licitadoras presentaron a documentación completa e correcta, quedando admitidas na licitación.

Tamén en sesión de data 08.07.21, a Mesa de Contratación celebra sesión para apertura das ofertas económicas, contidas no sobre “C”, e procede á valoración das ofertas, co Programa de Valoración de Ofertas da Deputación Provincial da Coruña, empregando como prezo de licitación a cantidade do proxecto sen IVE: 43.557,96 euros,

En virtude do artigo 149.3 da LCSP, dado que concurren empresas vinculadas para aplicar o réxime de identificación das ofertas incursas en presunción de anormalidade, tomase unicamente a que é máis baixa; neste caso a de SYR-AMG S.L.

Non se introduce pois a puntuación da empresa GR, Construcciones, Obras y Servicios S.L; que concorre con SYR-AMG.

Resultando:

CIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.:
- Prezo Valor introducido polo licitador: 42251.22 Baja (%).- 3,00 .- Temeraria.- Non
Puntuación: 14,00

CIF: B15122104 EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.: -
- Prezo Valor introducido polo licitador: 35325.5 Baja (%).- 18,90.- Temeraria.- Non.
Puntuación: 81,70.

CIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L.:
- Prezo Valor introducido polo licitador: 32966.94 Baja (%).- 24,31.- Temeraria.- Si.
Puntuación: 97,93.

CIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.:
- Prezo Valor introducido polo licitador: 35700.0 Baja (%).- 18,04.- Temeraria.- Non.
Puntuación: 79,12

CIF: B15819642 MANTIDO SL:
- Prezo Valor introducido polo licitador: 39237.01 Baja (%).- 9,92.-Temeraria.- Non.
Puntuación: 46,29

CIF: B32211716 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.:
- Prezo Valor introducido polo licitador: 40369.52 Baja (%).- 7,32.- Temeraria.- Non
Puntuación: 34,16

CIF: B15938780 SYR-AMG, S.L.:
- Prezo Valor introducido polo licitador: 33879.3 Baja (%).- 22,22. Temeraria.- Si.
Puntuación: 91,66

Do Programa de Valoración de Ofertas da Deputación obtense o límite da oferta temeraria, neste caso 35.067,53 €; de xeito que as ofertas por debaixo de este límite atopanse en temeraria:

EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L.- 32.966,94 €
SYR- AMG.- 33.879,30 €
GR, CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.- 34.088,35 €

Por elo, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos presentes, acordara:

“- De conformidade co punto 15.4.- Ofertas anormalmente baixas, do prego de cláusulas administrativas particulares polas que se rexe a contratación;

**.- NOTIFICAR á EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, SL. a circunstancia de atoparse supostamente comprendido en baixa anormal, requerindolle para que no prazo de CINCO DÍAS HÁBILES xustifique a oferta, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4. do citado prego.*

**.- NOTIFICAR á SYR-AMG, SL. a circunstancia de atoparse supostamente comprendido en baixa anormal, requerindolle para que no prazo de CINCO DÍAS HÁBILES xustifique*

a oferta, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4. do citado prego

*.- NOTIFICAR á GR, CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L a circunstancia de atoparse supostamente comprendido en baixa anormal, requeríndolle para que no prazo de CINCO DÍAS HÁBILES xustifique a oferta, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4. do citado prego”.

Realizados os correspondentes requerimentos ás empresas incursas en baixa, as tres empresas requeridas presentan en prazo a documentación para xustificar a baixa anormal; documentación que se examina e emiten os correspondentes informes polo técnico don José Manuel Saavedra Pantín (que constan incorporados ao expediente) e nos que conclúe:

“EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L.

...

que na documentación presentada pola empresa EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L , queda xustificada a oferta económica presentada, non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada.

.....”

GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, SL

“..

que na documentación presentada pola empresa SYR- AMG SL, non queda xustificada a oferta económica presentada, considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada.

...”

En base ao indicado, esta Alcaldía, en uso das atribucións que ten conferidas por Lei, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Considerando que a empresa máis vantaxosa economicamente (operando unicamente o factor prezo) é **CIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L;** que presenta unha oferta de:

Ofrece o seguinte prezo:

a) Prezo sen IVE.- 32.966,94 €

b) Imposto sobor do Valor Engadido (IVE) Porcentaxe: 21%. Importe.- 6.923,06 €

c) Total (a+b).- **39.890,00 €**

REQUERIR, para poder serlle adxudicado o contrato á empresa **CIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L** para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada na cláusula **16.- Adjudicación;** do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación; salvo que estea inscrito no Rexistro Oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público (ROLECSP) ou no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia, para cuxos efectos deberá indicar esta circunstancia e número de inscrición, sempre que esta documentación se corresponda coa esixida na presente cláusulas (16) e estea vixente.

Deberá presentar a documentación indicada nos apartados 11,12,13 e 14 de presente cláusula.

En todo caso deberá constituir a garantía definitiva por importe do 5% do prezo final do contrato, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se

refire o art. 107 da LCSP.

Conforme ao punto 16.1.10 do prego, ademáis da garantía definitiva deberá constituir a garantía complementaria, (por estare incurso inicialmente en presunción de anormalidade), por importe tamén do 5% do prezo final do contrato, excluído o IVE.

De conformidade co punto 16.2 do citado prego, de non cumpríntase adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o proposto licitador retira a súa oferta procedendo solicitar nese caso, esta documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

Segundo.- Notificar o presente acordo a ” a “EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ ”, SYR-AMG, S.L” e “GR CONSTURCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.LU. para o seu coñecemento e efectos.

Non entanto, a Xunta de Goberno Local, decidirá o que estime convinte.
Documento asinado electrónicamente na marxe polo alcalde.

A Xunta de Goberno Local, acordou en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, a aprobación da transcrita proposta de Alcaldía.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

A Presidencia somete a consideración da Xunta de Goberno os dous seguintes asuntos para a ratificación da urxenza, que aprobada por este órgano a ratificación, inclúense fóra da Orde do Día, motivado na necesidade de axilizar a tramitación dos expedientes na área de urbanismo e na necesidade de corrixir de xeito urxente os erros existentes nos pregos da licitación para o servizo de escola de música.

.- EXPEDIENTE DA ÁREA DE URBANISMO.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Expte. de obras 183/2014 e expte. de actividade núm. 07/2014 –Licenza de legalización de obras de adaptación de local destinado a bar-restaurante (licenza de actividade e apertura de data 25.11.2014 e núm. 20140000004690). Promotor **ÁNGEL GONZÁLEZ FERREIRA**, sita en **[Redacted]** núm. **[Redacted]**, Sequeiro, Valdoviño, en solo clasificado como **SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL**, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta María Salmerón Bermúdez e David Novo López.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa , segundo o informe do arquitecto técnico municipal de data 22 de xullo de 2021 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDIA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción de seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder licenza de legalización de obras de adaptación de local destinado a bar-restaurante en LUGAR DO **XXXXXXXXXX** NÚM. **XXXXXX** parroquia de **XXXXXXXXXX** VALDOVIÑO, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros .

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e ás condicións sinaladas no informe do arquitecto técnico municipal (Anexo 1:CONDICIONS DA LICENZA) de data 22 de xullo de 2021, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor en expediente de debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- APROBAR a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose:
Taxas 48,08 € ICIO .- 345,22 €

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses .

Quinto.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño,29 de xullo de 2021
O Alcalde,
Asdo.: Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.

.-PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A RECTIFICACIÓN PUNTUAL DE ERRO ARITMÉTICO NOS PREGOS DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO CONTRATO E ANEXO VII: PROPOSTA TÉCNICA DE DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO) NA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA DE MÚSICA.

Expte nº: 2021/C004/000003

“Vista a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas para a contratación do servizo de escola de música do Concello de Valdoviño, acordada en sesión ordinaria da xunta de goberno local do 8 de xullo de 2021. Detectado erro aritmético no apartado 14 punto a) “criterios que dependen dun xuízo de valor” do cadro de características técnicas do contrato (Anexo I) e na Proposta técnica de desenvolvemento do servizo e melloras (Anexo VII), é preciso corrixir as puntuacións de forma que non se produzan discrepancias na suma das puntuacións máximas que se poden acadar, co gallo de garantir maior seguridade xurídica aos posibles licitadores.

Considerando o anteriormente exposto, de conformidade co establecido co artigo 109.2 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, esta Alcaldía **PROPÓN:**

PRIMEIRO: Que se proceda á rectificación do erro nos documentos enunciados no relativo á suma das puntuacións das propostas e melloras sometidas a un xuízo de valor,

quedando do seguinte xeito:

“a) Criterios que dependen de un juicio de valor: hasta un máximo de 5 puntos

- *Propuesta técnica de desarrollo del servicio (Memoria): hasta un máximo de 1,5 puntos.*
- *Mejoras (Anexo VII): hasta un máximo de 3,5 puntos”*

SEGUNDO: Que se publiquen os documentos rectificadas no perfil do contratante deste Concello aloxado na plataforma de contratación do sector público.

Esta é a miña proposta, non en tanto a Xunta de Goberno Local aprobará o que estime máis oportuno.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ. “

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.

PARTE DE ACTIVIDADE

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo as nove horas e cincuenta e sete minutos, a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; o que coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

Documento asinado dixitalmente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde